

O BNG esixe solucións ao problema da auga na Merca

Sen solución desde fai máis de dous anos

As veciñas e veciños da Merca levamos desde o ano 2018 sufrindo prohibicións de consumo de auga potábel.

Este goberno municipal, como o anterior, é incapaz de arranxar o problema.

A única solución que ofrece a Alcaldía e ir recoller, unha vez á semana, garrafas de auga ás dependencias municipais.

“
O BNG presentou varias propostas para encamiñar unha solución

O BNG presentou varias propostas para encamiñar unha solución e todas as iniciativas foron rexeitadas polo goberno municipal.



Teresa Garrido
Voceira municipal BNG A Merca

A Merca é o único concello da conca do Arnoia que ten problemas de potabilidade.

O **7 de xullo de 2020** a concelleira do **BNG**, Teresa Garrido, **denunciou** diante do SEPRONA a práctica do **concello** de **botar herbicida** para eliminar silvas e maleza **arredor** do **tanque da auga** situado no alto da Manchica e **que abastece** as parroquias de **Pereira de Montes, A Manchica e Parderrubias**.

Logo de varios anos sufrindo desabastecemento de auga potable a veciñanza de A Merca precisa **solucións xa!**

O BNG vén de presentar unha queixa á Valedora do Pobo.



A semana pasada, a nosa portavoz municipal, Teresa Garrido, presentou unha queixa diante da Valedora do Pobo por tratarse dunha situación de extrema gravidade e atopármonos nun total desamparo.

Nese escrito solicitamos da institución que medie diante da Administración que corresponda para que:

1. Se poñan os medios humanos e técnicos necesarios para o **restablecemento inmediato da auga potábel.**
2. Se arranxe tanto a rede de abastecemento como os depósitos de distribución de auga.
3. Haxa un **reparto periódico de garrafas** de auga polas parroquias.
4. Se **analicen as augas** das fontes públicas e dos pozos de particulares que o demanden.
5. No caso de nova contaminación, se dea aviso a toda a poboación.
6. Se **revisen todas as fosas sépticas** para que os vertidos aos regatos cumpran a normativa.
7. Se **reduza a contía do recibo da auga**, que subiu un 10% cando o servizo non se está a prestar.